


NO OBRADOIRO

GLOSARIO DE CERÁMICA



ARXILA

Rocha branda formada por sedimentación, de diversas cores e texturas, que se desfai con facilidade e que, mesturada con auga, forma unha pasta que endurece ao cocela.



AZULEXO

Peza plana de barro esmaltada por unha cara que pode ser de diversas cores e estar ou non adornada con debuxos. Emprégase para recubrir paredes, pisos etc. ou de forma decorativa.



BELISCO

Técnica empregada en cerámica que consiste en dar forma ao barro presionándoo cos dedos. Hai que facer unha bola de arxila e presionar desde o centro cara ao exterior co dedo polgar. Logo, cómpre beliscar os bordos para crear a forma desexada.

CANA

Ferramenta para modelar e alisar, de distinta forma e tamaño segundo a peza que se estea a traballar.

CERAMISTA

Artista que fai ou modela pezas de cerámica.

ENGOBE


Baño de arxila moi diluída coa que se cobre unha peza de cerámica no momento previo á cocción ou despois da primeira cocción, antes de esmaltar. A principal finalidade é a decorativa.

ESMALTE

Substancia coa que se recobre unha peza de cerámica ou porcelana, que se vitrifica durante a cocción.

ESGAFRIADO

Técnica decorativa de gravado que consiste en debuxar con algún tipo de punzón liñas, motivos ou formas. Ráíase, con impresión ou incisións de grosor variable, o barro, a pasta ou materia cerámica, cando o material está aínda tenro ou rañando unha vez seco ou cocido.



GRES

Pasta composta de arxila e area cuarzosa que, sometida a altas temperaturas, constitúe un material moi resistente, impermeable e refractario, moi empregado na fabricación de diversos obxectos cerámicos.

LAMBUXA

Substancia que impregna as mans da oleira cando traballa.



LILOS

Reprodución, a pequena escala, de pezas tradicionais, que se empregaban como xoguetes para as máis cativas.

LOUZA

Barro fino, vernizado e cocido, co que se fan diversos obxectos, como pratos, xerras etc.

MODELAXE

Acción de modelar unha substancia para darlle unha forma determinada.

OLEIRA

Persoa que fai olas e outros obxectos de barro ou que comercia con eles.



TORNO

Ferramenta na que se suxeita e se fai virar unha peza de madeira, metal ou outros materiais, para labrala, puíla etc.

Glosarios recollidos e ilustrados por

P U R A ● Q U I T E R I A

Este proxecto audiovisual realizouse
ao abeiro do Fondo de proxectos
culturais Xacobeo 2021-2022 da
Xunta de Galicia

